

#### **4.5. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.**

Os elementos da programación das materias que imparten os distintos departamentos, segundo establece o artigo 96 do *Decreto 324/1996 (DOG do 9 de agosto de 1996)* e a *Orde de 28 de agosto de 1995 (BOE do 20 de setembro)*, son os seguintes:

1. Introducción e contextualización.
2. Contribución das materias ao logro das competencias básicas na ESO.
3. Obxectivos.
4. Contidos. Temporalización.
5. Avaliación.
  - 5.1. Criterios de avaliación.
  - 5.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.
  - 5.3. Criterios de cualificación.
  - 5.4. Procedementos para a realización da avaliación inicial e para acreditar os coñecementos previos das materias que establece o artigo 3º.7 da *Orde do 24 de xuño (DOG do 27, para 2º Bacharelato)*.
6. Mínimos exixibles
7. Metodoloxía didáctica.
8. Materiais e recursos didácticos.
9. Plans de seguimento das materias pendentes na ESO.
  - 9.1. Procedemento para cualificar materias pendentes ou para dar a nota final se hai alumnado que acode a reforzo educativo (por exención de francés).
  - 9.2. Programas específicos personalizados para alumnado repetidor.
10. Actividades de seguimento das materias pendentes no Bacharelato.
11. Procedementos para acreditar os coñecementos previos no Bacharelato.
12. Medidas de atención á diversidade.
13. Programación da educación en valores.
14. Accións de contribución ao proxecto lector.
15. Accións de contribución ao plan TIC.
16. Accións de contribución ao Plan de convivencia.
17. Actividades complementarias e extraescolares.
18. Información ao alumnado.
19. Procedementos para avaliar a propia programación.

En concreto, no apartado 5.1. deben recollese **só os criterios de avaliación que se vaian a aplicar**, aludindo en todo caso ao que determina a lexislación tanto para a ESO (*Decreto 133/2007, do 5 de xullo; Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre*) como para o Bacharelato (*Decreto 126/2008, do 19 de xuño; Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre*).

Polo que se refire ao punto 5.2. deben precisarse as ferramentas utilizadas polo profesor/-a na recollida da información sobre o alumnado; é dicir, tanto as producións dos alumnos (exercicios escritos, cuestionarios, cadernos de clase, traballos...) como os resultados das observacións feitas polo profesor no seu caderno (probos orais, rexistro de incidencias...).

No apartado 5.3. deben quedar explicitados os valores ou ponderacións asignados aos aspectos que se van avaliar; porcentaxes ou ponderacións dadas aos resultados obtidos polos instrumentos de avaliación; os premios ou recompensas por saídas ao encerado, por traballos complementarios; ou penalizacións por faltas de ortografía, mala caligrafía, erros na presentación formal...

Aínda que os criterios de corrección son equivalentes aos anteriores, referiranse a un único instrumento de avaliación. Polo tanto, no caso dun exame, aclararase a puntuación ou valor de cada parte ou cuestión. En caso contrario, as distintas partes adquiren o mesmo valor ao non aparecer explicitado.

**Este apartado do PEC foi aprobado por maioría en claustro extraordinario con data 23 de marzo de 2015, tal como consta en acta.**